



## MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A SUSCRIPCIÓN DUNHA ADDENDA PARA A PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MADRID (AEGAMA) PARA O FOMENTO DA COOPERACION ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGO DE MADRID E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

### **Primeiro.- Antecedentes**

O 12 de marzo de 2025 o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA) subscribiron un convenio de colaboración co obxecto de fomentar a cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios de orixe galego residentes en Madrid, promovendo a detección de oportunidades de negocio, o establecemento de alianzas empresariais, tecnolóxicas e profesionais, así como o impulso de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia. O convenio establecía unha vixencia ata o 30 de decembro de 2025, prevendo expresamente a posibilidade dunha prórroga dun ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, previo acordo das partes.

No marco deste convenio, AEGAMA desenvolve unha serie de accións anuais destinadas a fortalecer as relacións empresariais e institucionais entre Galicia e Madrid, entre as que se inclúen, entre outras, o Premio Victoriano Reinoso, o Encontro anual de Galegos polo mundo, a entrega de premios AEGAMA do verán, así como xantares-coloquio e presentacións de Galicia dirixidas a empresarios madrileños.

Con data 11 de novembro de 2025, AEGAMA presentou formalmente ante o Igape a súa solicitude de prórroga da vixencia do convenio, ao abeiro do previsto na cláusula oitava. Á vista desta solicitude e da proposta de accións formulada pola asociación para o ano 2026, o Igape considera adecuado dar continuidade á colaboración mediante a sinatura dunha addenda de prórroga

### **Segundo.- Necesidade e oportunidade da prórroga do convenio**

A prórroga do convenio resulta necesaria para garantir a continuidade das actuacións iniciadas no ano 2025, as cales teñen carácter anual e requiren estabilidade temporal para producir resultados efectivos. AEGAMA constitúe a entidade de referencia para o empresariado galego residente en Madrid, agrupando profesionais e empresarios de múltiples sectores, cunha capacidade de relación institucional e de convocatoria que non pode ser substituída por outros mecanismos nin instrumentos contractuais.



As accións desenvolvidas no marco do convenio teñen un carácter periódico, continuado e acumulativo, polo que non poden executarse de forma illada nin producir resultados nun único exercicio. A continuidade destas actuacións ao longo de 2026 resulta esencial para consolidar relacións xa iniciadas, abrir novas oportunidades de colaboración empresarial e fortalecer a proxección económica de Galicia no ámbito empresarial madrileño.

Desde unha perspectiva administrativa, a prórroga é tamén a opción máis oportuna e eficiente. A tramitación dun convenio ex novo obrigaría á apertura dun procedemento completo con elaboración de borradores, informes e revisións xurídicas, o que suporía un período prolongado sen marco habilitante para a realización de actividades. Isto provocaría unha interrupción prexudicial na programación anual das accións e comprometería a continuidade das relacións empresariais e institucionais que o convenio pretende reforzar. A prórroga garante, pola contra, a non interrupción das actuacións, mantén o ritmo de traballo iniciado en 2025 e permite acadar resultados sostidos no tempo.

En consecuencia, a prórroga por un ano adicional constitúe o instrumento máis axeitado para asegurar a continuidade, estabilidade e eficacia da colaboración entre o Igape e AEGAMA, evitando un baleiro temporal incompatible coa natureza anual das actividades e coa consolidación das relacións empresariais galego-madrileñas que este convenio persegue.

### **Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio**

A utilización da figura do convenio resulta plenamente xustificada ao tratarse dun instrumento de colaboración institucional entre dúas entidades que comparten obxectivos de interese público común, sen que exista unha prestación de servizos sometida á Lei de Contratos do Sector Público nin unha relación sinalagmática propia dunha contratación pública.

Neste marco, o Igape non encarga a AEGAMA unha actividade contratual nin un resultado específico, senón que ambas partes achegan capacidades, coñecementos, contactos e recursos para impulsar o obxectivo compartido de fortalecer as relacións económicas, profesionais e institucionais entre Galicia e o empresariado galego radicado en Madrid.

AEGAMA actúa como entidade colaboradora, sen ánimo de lucro, aportando a súa estrutura, a súa implantación territorial, a súa capacidade de interlocución e convocatoria e o seu coñecemento do tecido empresarial galego asentado en Madrid. Pola súa parte, o Igape contribúe parcialmente ao financiamento dalgunhas actuacións para garantir a súa viabilidade e fomentar a participación empresarial nos distintos eventos e actividades.



A natureza destas actuacións non implica unha obriga de resultado nin unha prestación contractual para o Igape, senón un compromiso mutuo de cooperación para favorecer accións orientadas ao interese xeral, tal e como prevé o artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Pola súa vez, o artigo 6 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, exclúe expresamente os convenios de colaboración cando, como neste caso, non existe contraprestación contractual nin se está ante un contrato típico do sector público.

En consecuencia, a figura do convenio é o instrumento adecuado para articular esta relación, garantindo unha colaboración fluída, eficiente e sinérxica cun único actor representativo do empresariado galego en Madrid, evitando mecanismos contractuais non axeitados para a natureza das actuacións e para a finalidade de cooperación institucional que se pretende acadar.

#### **Cuarto.- Obxecto e contido**

O obxecto da presente addenda é prorrogar por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, a vixencia do convenio suscrito o 12 de marzo de 2025 entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (AEGAMA), co fin de continuar impulsando a cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios de orixe galego radicados en Madrid.

A addenda modifica unicamente aqueles aspectos necesarios para facer efectiva a prórroga, en particular a cláusula relativa á vixencia e o prazo de xustificación, así como o anexo das actuacións previstas para o novo período, mantendo inalterado o resto do clausulado do convenio inicial. As actuacións recollidas para o ano 2026 – como os Xantares-Coloquio, o Premio Victoriano Reinoso, a entrega dos Premios AEGAMA do verán, o Encontro anual de Galegos polo mundo e outras accións de carácter institucional, divulgativo e de networking empresarial– configuran o contido material desta colaboración, que se mantén dentro da mesma estrutura, finalidade e natureza de cooperación establecida no instrumento orixinal.

#### **Quinto.- Financiamento**

O orzamento total estimado para a anualidade 2026 será de corenta mil euros (40.000 €) IVE non engadido.

O Igape financiará a contía de vinte e dous mil euros (22.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.

AEGAMA achegará dezoito mil euros (18.000 €) cos que cofinanciará as actividades recollidas no anexo I da adenda.

A subdirectora de Internacionalización

Laura González-Dopeso Portela